

I ENCONTRO DE ORIENTADORES DE GALICIA

Ourense 19 e 20 de maio de 2006

CONCLUSIÓNS

1. **Galicia progresou moito na última década na posta en marcha dos departamentos de Orientación en centros de Primaria e Secundaria**, pero aínda queda camiño por andar ata conseguir un nivel óptimo de funcionamento.
2. **Un dos elementos que permitiría a optimización da orientación educativa sería a diminución da ratio orientador/nº de alumnos**. Unha proposta adecuada (na liña das conclusións obtidas no II Encuentro nacional de Orientadores de Mérida) sería aceptar o criterio recomendado pola UNESCO: un orientador/a por cada 250 alumnos.

No marco do Encontro, a **Administración Educativa de Galicia anunciou a súa intención de aumentar considerablemente o número de orientadores** nas catro provincias.

3. **Constátase certa falta de coordinación e unificación de criterios entre os profesionais da orientación á hora de abordar o noso quefacer diario**. É imprescindible potenciar actuacións de intercambio de experiencias encamiñadas a rentabilizar os esforzos individuais creando grupos de traballo, comisións de investigación e liñas de comunicación permanentes así como clarificar o perfil profesional dos orientadores.
4. **Entre os retos aos que nos enfrontamos á hora de abordar a conflictividade nas aulas:**
 - Pasar de unha actitude reactiva (de reacción ante o conflito) a outra proactiva, adiantándonos á súa aparición.
 - Potenciar a aprendizaxe das Habilidades Sociais por parte de todo o alumnado: aprender a comunicar, aprender a negociar e aprender a dialogar.
5. **Compróbase a preocupación e interese dos orientadores galegos por dar respostas nos seguintes ámbitos:**
 - a. A incorporación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación na labor orientadora: os Blogs.
 - b. A utilización, cada vez máis, de material audiovisual como recurso motivante e cercano en actividades de tutoría e orientación.
 - c. A creación de novas probas estandarizadas que axuden á detección de situacións de risco: o bullingotest.
 - d. A detección temprá de dificultades para acadar éxito nos programas de intervención.
 - e. A elaboración de Plans de Acollida efectivos para o cada vez máis numeroso alumnado inmigrante.
6. **Evidénciase necesario fortalecer os vínculos profesionais entre os orientadores galegos e a conexión do colectivo galego co resto dos profesionais que exercer a amesa abor no territorio nacional: e de estos co resto de modelos de orientación que están en marcha noutros países a través dos recursos asociativos ao noso alcance: APOEGAL (Asociación Profesional de Orientadores de Galicia) e COPOE (Confederación de Organizaciones de orientación y psicopedagogía de España).**